

MERCEDES QUEIXAS ZAS ESCRITORA

“De Lois impactoume a súa poesía e a súa vinculación entre vida e obra”

O Vento Lois soplará con forza hoxe en Carballo coa axuda, entre outros, de Mercedes Queixas, que estará presentando o seu novo traballo sobre o poeta monfortino, ao que mostra como un autor “culto, plurilingüe e vangardista” e o define como exemplo de “voz transgresora e única”.

ENTREVISTA DE MARIBEL MARTÍNEZ

O Pazo da Cultura de Carballo acolle hoxe ás 20.00 horas o “Vento Lois”, un acto expansivo que terá lugar simultaneamente en máis de vinte vilas e cidades en homenaxe ao poeta monfortino Lois Pereiro, e que no caso bergantiñán virá da man da asociación cultural Lumieira coa colaboración do Concello. O encontro iniciárase coa lectura do manifesto loisista e incluírá unha lectura compartida de textos e poemas do autor ao que se lle dedican as Letras deste ano e tamén a presentación do libro “Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo” (Laiovento, 2011), elaborado pola profesora de secundaria do CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco e secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Mercedes Queixas Zas, que estará presente no acto xunto ao editor Francisco Pillado.

—Que aporta con esta publicación dedicada a Lois Pereiro?

—O que intento achegar aos lectores é un manual con carácter divulgativo, apto para todos os públicos, porque entendo que non é necesario ter unha formación previa en teoría literaria para descubrir a un autor da talla e altura de Lois Pereiro. Intento ofrecer un

perfil humano que ten o valor engadido de que é próximo a nós, do noso tempo, xa que morreu hai tan só 15 anos, de aí o seu carácter divulgativo. O libro tamén ofrece unha antoloxía de poemas para poder coñecer a súa obra e tamén unha reportaxe fotográfica que puiden recoller grazas á colaboración da súa familia.

—Que a motivou a levar adiante este proxecto?

—Primeiro o ter descuberto hai anos a súa obra como poeta, impactoume a súa poesía e a súa vinculación bidimensional entre vida e obra. Unha vida literaria marcada por unha biografía moi dura, acompañada de dor e de enfermidade. Como el mesmo dicía, estaba sempre vivindo en tempo de desconto. Emocionoume tamén a súa poesía, moi traballada, que recorda aos grandes autores clásicos, e sorprendeume o carácter moderno e vangardista que demostraba. Foi un poeta excelso que por iso me apeteceu investigar.

—Como definiría pois a súa poesía?

—Primeiro, a Lois Pereiro hai que lelo e intentar comprendelo dentro dun tempo, entre finais dos 70 e anos 80, onde todo estaba por descubrir tras o pasado da



Mercedes Queixas, nunha recente intervención en Carballo

dictadura e a apertura á democracia. Por iso a súa poesía é totalmente moderna, urbana e chea de sensualidade, unha poesía marcada por unha vida truncada xa que foi unha vítima máis do aceite de colza, algo que socialmente marcou moito. Convértese así no poeta da morte e da enfermidade pero a súa poesía é un canto ao amor e ás ganas de vivir, foi un escritor vocacional.

—Que aspectos menos coñecidos do autor se recollen neste libro?

—Aspectos dende unha perspectiva humana, de que estamos ante un poeta culto e perfecto coñecedor da vangarda centroeuropea. Tamén que é un poeta plurilingüe que domina o francés, inglés e o alemán e que demostra que non é necesario fuxir do idioma propio. O libro describe a un poeta popular pois pensábase que era un poeta de minorías. Falando con compañeiros seus dos anos 80 a conclusión é que foi un poeta popular e que o admiraban profundamente.

—Á parte de poeta, como definiría a Lois Pereiro como autor?

—Se cadra outra das grandes sorpresas é telo descuberto como gran prosista, como narrador e ensaísta, como se pode ver no dia-

rio que fixo nos seus últimos anos de vida recollido en “Conversa ultramarina”, capaz de transmitir todo o que sente, un escritor das emocións.

—Que papel desempeña Peireiro na cultura galega?

—É un exemplo de voz transgresora tanto na forma como no tratamento dos contidos. Non hai unha voz como a de Lois, a súa voz é única.

—Atópase en plena presentación do libro. Como está sendo a súa acollida?

—Pois está sendo moi ben recibido, estes días con presentacións en Santiago, Carballo e A Coruña. Onte (polo martes) foi en Santiago e foi un acto moi afectivo. O que recibo sobre todo é esta vontade, este valor afectivo engadido a toda a súa escrita. Percibo moita afectividade ao arredor.

—Ten xa algún novo proxecto literario?

—Nestes momentos non. Estou en fase de investigación para a tese de doutoramento arredor da poesía de Manuel María e ademais acabo de publicar unha biografía de María do Carme Kruckenberg que me levou tres anos de traballo. Agora toca traballar e investigar.

breves

A Laracha acogerá varios talleres del centro Quérote dirigido a jóvenes

■ Los jóvenes laracheses tienen el plazo abierto para participar en dos talleres que impartirá el centro Quérote de la Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado de la Xunta. El titulado “Arte da seducción” será para edades de entre 18 y 25 años y abordará estrategias para relacionarse con los demás, la importancia de la autoimagen positiva y la confianza en uno mismo, mientras que “Sexprésate!” será para jóvenes de entre 14 y 16 años y girará en torno a la sexualidad como vivencia humana para invitar a la reflexión individual y colectiva. Por otro lado, el 1 de junio se ofrecerá el taller “Técnicas de oratoria y comunicación” para ayudar a los jóvenes a dominar el arte de hablar en público. Más información e inscripciones, en la Oficina de Información Xvenil.

Reunión en Vimianzo para preparar las Xornadas d o Pincho Irmandiño

■ Desde las asociaciones Cheringas y Axvalso de Vimianzo informan del comienzo de los preparativos para la cuarta edición de las Xornadas do Pincho Irmandiño que se celebrarán en el marco del tradicional Asalto ao Castelo previsto para el primer fin de semana del mes de julio. Es por ello que desde ambas entidades organizadoras animan a todos los bares y restaurantes interesados en participar en las jornadas a asistir a la reunión que se llevará a cabo el próximo jueves 19 de mayo a las 21.00 horas en el Salón Caribe de la localidad.

Afaber clausura esta tarde el curso de yoga con la entrega de diplomas

■ La asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Bergantiños clausura hoy su exitoso curso de yoga (a las 20.30 horas en su local de la capital carballeña) con la entrega de diplomas a la treintena de alumnas que participaron en las clases celebradas desde el mes de enero e impartidas por Noelia Menéndez Torreira, que ahora recibirán sus acreditaciones de manos de su presidente, Jesús M. Villar Antelo.

La exposición de Arte Gráfico “Jesús Núñez” puede verse en Corcubión

■ La Casa da Cultura de Corcubión acoge desde este martes la exposición del cuarto Premio Internacional de Arte Gráfico “Jesús Núñez”, donde permanecerá abierta al público hasta el próximo 25 de mayo.

La biblioteca del CEIP Os Muíños de Muxía, premiada en el concurso nacional

REDACCIÓN > MUXÍA

■ La biblioteca del CEIP Os Muíños de Muxía fue una de las ocho gallegas que ayer recibieron los premios del “Concurso Nacional de Buenas Prácticas para la dinamización e innovación de las bibliotecas de centros escolares” del Ministerio de Educación.

El acto tuvo lugar en la Biblioteca Nacional en Madrid y contó con la presencia del ministro, Ángel Gabilondo, y del director xeral de Centros e Recursos Humanos

de la Consellería de Educación de la Xunta, José Manuel Pinal Rodríguez, así como de los representantes de los centros ganadores de estos premios que en el 2010 reconocieron el trabajo de ocho colegios e institutos de Galicia —la comunidad con más galardones— que llevan a cabo diferentes iniciativas para que sus bibliotecas sean espacios dinámicos que actúen como recurso didáctico e integrador para la mejora de la calidad de la enseñanza. Además del



Los representantes de los centros galardonados posan con sus premios

muxián, fue premiado el centro coruñés IES de Fene, los lugueses CPI Tino Grandío de Guntín de Pallarés, CEIP de Cervo e IES de

Monterroso, y los pontevedreses CEIP Quintela de Moaña, IES Manuel Antonio de Vigo y CRA Mestra Clara Torres de Tui.